



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 03-02-2025

Data final de exposición: 24-02-2025

O Porriño, a de de

BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA EXECUCIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA PARA DESEMPREGADOS (AFD) DO CONCELLO DE O PORRIÑO.

Primeira.- OBXECTO

Estas bases teñen como obxecto regular o proceso de selección das persoas que serán contratadas laboral e temporalmente, sen posto na Relación de Postos de Traballo (RPT), para execución do programa AFD 2025 do Concello de O Porriño, como persoal docente e xestor/a-técnico/a de formación.

Este programa esta subvencionado ó amparo da a Orde do 1 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para as acción formativas do Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024-2026, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2024 e 2025 (código do procedemento TR301K), publicada no DOG núm. 132, do 9 de xullo de 2024.

Os contratos laborais temporais que se convocan son:

- 1 Docente, a tempo parcial (xornada 5 h) ou no seu defecto un docente por cada módulo formativo do Certificado profesionalidade: SCS0208-ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS.

MF1016-2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional (100 horas).

MF1017-2: Intervención na atención hixiénico-alimentaria en institucións (70 horas).

MF1018-2: Intervención na atención socio-sanitaria en institucións (70 horas).

MF1019-2 Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións (130 horas).

MP0029: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 horas)

- 1 Xestor/a-técnico/a de formación, a tempo parcial (xornada 5 h) para coordinar, realizar o seguimento da actividade docente e impartir os módulos transversais que se indican:

FCOO03- Inserción laboral, sensibilización ambiental.

FCOXXX24 Formación para a Igualdade para o curso aprobado.

O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

MANUEL ALEMANCRO LORENZO ALCORNO (1ª firma)
Alcalde do Porriño
Data de Sinatura: 31/01/2025
PACIF: 05a38f06bb0bbcaad9e011742b5f

Cod. Validación: 6AR4Q897KCMGZ9DYPH6D37Y
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electronicamente desde a plataforma xestora esPublico | Páxina 1 de 22

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

PREVISIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS.

NUM. CURSO	DENOMINACIÓN	HORAS	DIAS	DATAS IMPARTICION	HORARIO
2024/003022	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	468 h	94	Inicio máximo 17/03/2025 – Fin máximo 31/07/2025	9:00 – 14:00

As retribucións de cada un dos postos son as que se indican a continuación:

PUESTO	JORNADA	SALARIO	DURACION	HORARIO
DOCENTE	PARCIAL (5 H)	1.288,08 €	Inicio máximo 17/03/2025 Fin máximo 31/07/2025	9:00 – 14:00
XESTOR-TECNICO/A DE FORMACIÓN	PARCIAL (5 H)	1.288,08 €	Inicio máximo 17/03/2025 Fin máximo 31/07/2025	9:00 – 14:00

Segunda.- FUNCIONS DOS POSTOS DE TRABAJO.

As funcións que corresponden aos postos de traballo son:

PERSOAL DOCENTE:

- Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- Manter a disciplina do alumnado, dando conta das incidencias que se produzan.
- Responsabilizáranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Titorizar e realizar o seguemento das prácticas profesionais do alumnado.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Cod. Validación: 6AR4Q687TKCMGZ9DYPH6D37YT
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 22

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

XESTOR/A-TÉCNICO/A DE FORMACIÓN:

- a) Xestión e supervisión económica e coordinación xeral do proxecto. Manexo programa informático SIFO3 .
- b) Levar a planificación e seguimento do proxecto, incluída a xestión das prácticas profesionais non laborais en centros de traballo.
- c) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo.
- d) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- e) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal e alumnado e o cumprimento das súas obrigas, manexo sistema control biométrico COBIPE.
- f) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Programar e impartir, por cada un dos cursos aprobados, a materia dos módulos transversais de: FCOO03 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero de 10 h. FCOXXX24 - Formación para a igualdade de 8 h.
- i) Facilitar de maneira individualizada información e orientación laboral para a propia acción formativa.
- j) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- k) Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra

Terceira.- CONTRATACIÓN DO PERSOAL PARTICIPANTE

O Concello de O Porriño formalizará, no modelo oficial correspondente, os contratos do persoal seleccionado, previa validación do Servizo de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia.

A modalidade de contratación será para todos os seleccionados a de, contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 405.

Cuarta.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos ata que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos:

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





a) REQUISITOS XERAIS.

1. Ter nacionalidade española. Os/as nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros/as residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós/cás españois aos empregos públicos nos termos e coas excepcións que determina o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. *(Acreditarán ademais a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todos/as aspirantes, mediante fotocopia da tarxeta en vigor acreditativa, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe).*

2. Ter 16 anos cumpridos e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa. *(Acreditarase de igual forma que o apartado 1).*

3. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias de cada contrato obxecto destas bases. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a).*

4. Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de que así o solicítase o Tribunal).*

5. Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de que así o solicítase o Tribunal).*

b) REQUISITOS ESPECÍFICOS:

Os requisitos específicos están establecido nos anexos destas bases relativos aos REQUISITOS ESPECÍFICOS E BAREMOS, para cada un dos distintos contratos de traballo. A posesión destes requisitos específicos tamén condicionarán a admisión das persoas candidatas ao proceso selectivo.

Deberán posuír os requisitos (xerais e específicos) ou estar en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. Pasarán ás fases de entrevista persoal e á de valoración de méritos unicamente, as persoas aspirantes admitidos que reúnan os requisitos para cada posto.

Quinta. SISTEMA DE ADMISIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS





O sistema de admisión de persoas candidatas será dobre.

1. O sistema de preadmisión de persoas candidatas será a través de Oferta de emprego tramitada na Oficina de Emprego de O Porriño.
2. Convocatoria aberta publicitada nos taboleiros de edictos do Concello de O Porriño e na na páxina web municipal www.porremplego.org.
3. Os parámetros da sondaxe serán:
 - a. Ámbito xeográfico: Concello de O Porriño. De non atoparse candidatos/as, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, do ámbito da oficina de emprego ata o ámbito provincial.
 - b. Número de persoas candidatas a remitir: cinco por posto, que deberán cumprir os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estar acreditados.
 - c. Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.
 - d. A oficina de emprego convocará ás persoas candidatas que resulten da dita sondaxe e comunicaralles a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus requisitos e méritos.

Sexta. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección constará de dunha primeira fase de entrevista persoal, coas persoas candidatas que cumpran os requisitos xerais e específicos establecido nestas bases e estean debidamente acreditados, e unha derradeira de concurso de valoración de méritos con base aos Baremos dos anexos destas bases, establecidos para cada contrato.

Límite na participación desta convocatoria: Non poderán participar neste proceso, quedando excluídos/as automaticamente do mesmo as persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses houberan estado contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo da contratación obxecto destas bases puidera resultar máis de dezaioito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente contrato de traballo, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada; de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 24 de marzo e no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto e o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Sétima. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os/as candidatos/as preseleccionados/as pola Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia, interesados/as en participar no proceso selectivo convocado, deberán facelo mediante solicitude, dirixida ó Sr. Alcalde do Concello do Porriño, que presentarán no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de





Concello do Porriño

luns a venres, á que xuntarán inescusablemente a documentación requirida nestas bases.

O prazo de presentación será de **3 días hábiles** (o sábado non é día hábil) contados desde o seguinte ao da publicación das presentes bases da convocatoria no taboleiro de anuncios da Sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello Porriño, e na páxina web municipal www.porremplego.org. O devandito prazo de presentación de solicitudes prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte, se terminase nun día inhábil.

A solicitude poderá formularse conforme aos modelos que se acompañan como **ANEXOS II e III** destas bases ou na forma que determina o artigo 66 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases e á contratación que pretende e así mesmo unha declaración expresa de que coñece, acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas.

Remitirase unha fotocopia das bases da convocatoria á Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia da Consellería de Emprego e Igualdade e ao Centro de emprego municipal deste Concello.

Xunto coa solicitude os/as aspirantes achegaran inescusablemente a documentación que acredite que cumpren os requisitos determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o alcalde ditará resolución pola que se aprobe a **lista provisional** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, e se designe o tribunal do proceso selectivo. A resolución aprobando a lista de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e na páxina web municipal www.porremplego.org. Para o caso de que houbera aspirantes excluídos/as ou omitidos/as na devandita lista, estes disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución aprobatoria da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para emendar, de ser o caso, os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais. Os/as aspirantes que dentro do prazo indicado non emenden tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos/as serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, o Alcalde ditará resolución pola que aprobará a **lista definitiva** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data da realización da entrevista e da valoración dos méritos. Esta resolución aprobatoria da lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e na páxina web municipal www.porremplego.org, de igual xeito se publicara a resolución das solicitudes de abstención ou recusación se as houbera.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 6AR4Q697TKCMGZSDYPH6D37YT
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 22





Concello do Porriño

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

Oitava.- FASE DE ENTREVISTA PERSOAL

1. A entrevista persoal terá lugar coas persoas admitidas ao proceso de selección co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os contratos de traballo que se convocan. Versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados co Programa de accións formativas para desempregados.

2. Esta fase, que non será eliminatoria, valorarase de 0 ata 5,6 puntos e suporá o 40% da puntuación total do proceso selectivo.

3. A entrevista persoal para a selección, do persoal docente e técnico terá lugar nas dependencias do Concello de O Porriño, debendo acudir os aspirantes provistos do DNI ou documento substitutivo.

Novena.- FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Finalizada a fase de entrevista persoal, o tribunal de selección valorará, en base aos baremos publicados como anexo III a estas bases, os méritos alegados polas persoas candidatas presentadas a entrevista.

A puntuación máxima desta fase será de 8,4 puntos que supoñen o 60% da puntuación total do proceso selectivo.

Exporase a relación provisional das puntuacións na sede electrónica do Concello de O Porriño e no taboleiro do Concello. Deberá figurar a puntuación da entrevista persoal e a puntuación da valoración de méritos, así como a data que se concede para formular alegacións.

Rematado o prazo de alegacións, o tribunal de selección, noutra sesión, resolverá as alegacións formuladas e establecerá a relación definitiva das puntuacións.

Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que, necesariamente, figurarán as puntuacións acadadas en cada fase, así como as puntuacións finais (suma dos puntos acadados en cada fase) dos candidatos que tiveren superado a totalidade do procedemento selectivo e que determinarán a orde de prelación de aspirantes para a súa ulterior contratación.

Documentación acreditativa da formación que desexen lle sexa valorada

Acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inescusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas directamente coas funcións propias de cada contratación a que se haxa optado o/a aspirante, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración ou Organismo Público (INAP, EGAP e outros organismos oficiais), se trate de cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas ou do plan de formación do Concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

A puntuación outorgarase de conformidade co baremo establecido nos anexos destas bases.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o tribunal de selección valorará as solicitudes recibidas, comprobando que cumpren os requisitos establecidos, e procederá á declaración provisional do persoal admitido e excluído.

Documentación acreditativa da experiencia profesional :

- Traballo por conta allea: acreditada a través de vida laboral actualizada máis copia de contratos onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectan claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.
- Persoas Traballadoras Autónomas: mediante vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas ou contratos en que consten os servizos prestados
- Traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos na Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, se se require un ano de experiencia para un contrato, este haberá de ser a xornada completa.

Décima.- PUNTUACIÓN FINAL. CONTRATACIÓN.

1. Mediante as dúas fases da selección as persoas aspirantes poderán acadar un máximo de 14 puntos.
2. Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base décimo primeira.
3. O Concello de O Porriño formalizara cada seu contrato coa persoa aspirante que, obtendo a maior puntuación final, sexa proposta polo tribunal de selección.
4. As puntuacións finais, os nomes das persoas candidatas propostas para seren contratadas e os das integrantes da lista de reserva a que fai referencia a base décimo segunda, publicaranse na páxina web municipal www.porremplego.org, nos taboleiros de o Concello e da oficina de emprego de O Porriño.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 6AR4Q687TKCMGZ8DYPH6D37YT
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 22





Décimo primeira .- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis candidaturas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- 1.º A persoa que se atope en situación de desemprego.
- 2.º A maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- 3.º A maior puntuación obtida no apartado de formación complementaria.
- 4.º A maior puntuación obtida no apartado de coñecementos do idioma galego.

Décimo segunda.- LISTA DE RESERVA.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal elaborará unha lista de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polas persoas inicialmente seleccionadas.

De non haber persoas candidatas suplentes dispoñibles, iniciárase un novo procedemento selectivo.

Décimo terceira.- PUBLICIDADE.

As presentes bases dos procesos selectivos, así como as listaxes de resultados de cada unha das fases do proceso serán publicadas na sede electrónica do Concello de O Porriño, na páxina web municipal www.porremplego.org e nos taboleiros de anuncios do Concello.

Décimo cuarta.- INCIDENCIAS.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

A Administración local tamén poderá, se é o caso, revisar as resolucións do Tribunal segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

Décimo quinta.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polos empregados/as públicos que designe o Alcalde, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.





Concello do Porriño

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás contratacións convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Tribunal de selección poderá incorporar asesores/as especialistas para os supostos nos que fosen necesarios.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 6AR4Q697TKCMGZ9DYPH6D37YT
Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 22



ANEXO I

REQUISITOS ESPECÍFICOS E BAREMOS. SELECCIÓN DE PERSOAL AFD 2024-2025.

REQUISITOS DE ACCESO E BAREMO DE MÉRITOS PARA O CONTRATO DE XESTOR/A-TECNICO/A DE FORMACIÓN.

REQUISITOS ESPECÍFICOS DE ACCESO

- TITULACIÓN UNIVERSITARIA
- COMPETENCIA DOCENTE (Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo)
- 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional.
- EXPERIENCIA PROFESIONAL, relacionada co posto de traballo, 12 meses nos últimos 5 anos .

BAREMO DE MÉRITOS.

**Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos esixidos.*

1.- TITULACIÓN ACADÉMICA(Regrada).....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50

Diplomatura, Licenciatura, Grao, relacionada co posto, sempre que sexa outra titulación distinta á de acceso... 0,50 ptos.

2.- FORMACION COMPLEMENTARIA.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00

So se valorará a formación impartida, organizada ou homologada por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios oficiais ou escolas autorizadas para impartir formación

Os cursos que non especifique o número de horas non se contabilizará.

2.1.- Cursos relacionados co posto nos últimos 10 anos..... máximo 1 ptos.

Cursos de 30 a 99 horas.....	0,10
Cursos de 100 a 299 horas.....	0,20
Cursos de 300 a 599 horas.....	0,30
Cursos a partir de 600 horas.....	0,40





2.2.- Cursos en Prevención de Riscos.....máximo 0,60 pts.

(Só se valorará o grao superior alegado)

Básico xeral..... 0,10

Medio..... 0,30

Superior ou Master..... 0,60

2.3.- Cursos de Informática nos últimos 5 anos.....máximo 0,40 pts.

Cursos de 30 a 49 horas..... 0,10

Cursos de 50 a 99 horas..... 0,20

Cursos a partir de 100 horas..... 0,30

3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (.Relacionada co posto). PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,00 pts.

3.1. Experiencia en coordinación / técnico de formación de accións formativas para desempregados (AFD). Por cada mes.....0,08 pts. (Máx. 7,00 pts.).

3.2. Experiencia en funcións relacionadas coa titoría ou coordinación noutros programas de formación e emprego. Por mes.....0,04 pts. (Máx. 1,00 pts.).

Para a valoración da experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo e a categoría profesional a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato.

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,40 pts.

4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10

4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20

4.3. Curso de Nivel Medio de Linguaxe administrativo ou equivalente..... 0,30

4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo ou equivalente..... 0,40

**Só se valorará o maior grao homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística*

5.- DESEMPREGO(Non melloras de emprego).....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10 pts





Concello do Porriño

ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

Deberanse acreditar ós méritos coa seguinte documentación:

1.- Vida laboral

2.- Anexo III de alegación de méritos debidamente cumprimentados.

A non aportación da vida laboral, implica que os méritos non serán tidos en conta polo tribunal nin se valorarán aínda que se aleguen no Anexo III

REQUISITOS ESPECÍFICOS DE ACCESO E BAREMO DE MÉRITOS PARA O CONTRATO DE DOCENTE DO CERTIFICADO ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS.

REQUISITOS ESPECÍFICOS DE ACCESO

TODAS AS PERSOAS CANDIDATAS DEBERÁN ACREDITAR COMPETENCIA DOCENTE de acordo con algún dos seguintes apartados: :

a) Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo)

b) Titulados universitarios oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía ou de Pedagogía, ou de un título universitario oficial de postgrado nos citados ámbitos.

c) Titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se encontren en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica ou o Certificado de Cualificación Pedagóxica, Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas.

d) Acreditar experiencia docente contrastada como mínimo de 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo

BAREMO DE MÉRITOS.

**Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos esixidos.*

ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

Deberanse acreditar ós méritos coa seguinte documentación:

1.- Vida laboral

2.- Anexo III de alegación de méritos debidamente cumprimentados.

A non aportación da vida laboral, implica que os méritos non serán tidos en conta polo tribunal nin se valorarán aínda que se aleguen no Anexo III.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 6AR4Q687TKCMGZ9DYPH6D37YT
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 22





**TITULACIÓN E EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDAS PARA DOCENTE
CURSO SSCS0208-ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDIENTES
EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS.**

MODULOS FORMATIVOS CERTIFICADO	Acreditación requirida	Ter Experiencia profesional (NON DOCENTE) requirida no ámbito da competencia de cada MODULO FORMATIVO	
MF1016_2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional.	Licenciado en Medicina y cirugía; Psicología o Psicopedagogía; Diplomado en enfermería, Trabajo Social o Educación Social. Certificado de profesionalidad de nivel 3 de la familia profesional Servicios Socioculturales y a la comunidad en el área de asistencia social.		
MF1017_2: Intervención na atención hixiénicoalimentaria en institucións	Licenciado en Medicina y cirugía o Diplomado en enfermería.	1 ano	3 anos
MF1018_2: Intervención na atención sociosanitaria en institucións.	Licenciado en Medicina y cirugía o Diplomado en enfermería		
MF1019_2: Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións	Licenciado en Medicina y cirugía; Psicología o Psicopedagogía; Diplomado en enfermería, Trabajo Social o Educación Social. Certificado de profesionalidad de nivel 3 de la familia profesional Servicios Socioculturales y a la comunidad en el área de asistencia social.		

(RD 1379/2008, de 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011, de 20 de maio, modificado polo RD 625/2013, de 2 de agosto).

Cod. Validación: 6AR4Q697TKCMGZ9DYPH8D37YT
Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 22





BAREMO DE MÉRITOS PARA OS DOCENTES

**Barémarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.*

1.- TITULACIÓN ACADÉMICA (Regrada)..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50 pts

Titulación distinta á de acceso, relacionada coas funcións a desenvolver.....máximo 0,50

2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA.PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00 pts.

Por ter asistido a masters, cursos de formación, xornadas, conferencias....., en materias relacionadas coas funcións do posto de traballo, outorgarase unha puntuación de 0,03 puntos por cada 30 horas formativas.

Valoraranse tamén os cursos de informática a nivel usuario. No caso dos cursos de prevención de riscos laborais e outros cursos con contidos similares so se valorará o de maior grao ou duración de entre os acreditados.

Os cursos que non especifiquen o número de horas non se contabilizarán

So se valorará a formación impartida, organizada ou homologada por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios oficiais ou escolas autorizadas para impartir formación.

3.- EXPERIENCIA LABORAL NA ESPECIALIDADEPUNTUACIÓN MÁXIMA 7,00

3.1. Experiencia docente na especialidade en formación ocupacional, formación con adultos ou formación profesional.

Por cada mes.. 0,08.....máximo 5,00

3.2. Outra experiencia profesional, non docente, relacionada coa especialidade.

Por cada mes 0,06.....máximo 5,00

No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,40 pts

4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10

4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20

4.3. Curso de Nivel Medio de Linguaxe administrativo ou equivalente..... 0,30

4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo ou equivalente..... 0,40





Concello do Porriño

*Só se valorará o maior grao homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística

5.- DESEMPREGO. (Non melloras de emprego.).....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10 ptos

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DO PROGRAMA AFD 2024-2025.

DATOS IDENTIFICATIVOS:

NOME:	APELIDOS:	
DNI:	DATA NACEMENTO	TELEFONO
ENDEREZO		
EMAIL:		

EXPÓN:

Que está informado/a das Bases de selección do persoal da acción formativas para desempregados (programa AFD), convocado polo Concello de O Porriño.

Considerando que reúne as condicións e requisitos esixidos de acceso,

SOLICITA:

Ser admitido/a no proceso selectivo para o contrato de:

(* marque o que corresponda)

(*)	CONTRATO SOLICITADO				
	XESTOR /A TECNICO /A DE FORMACION : MT: FCO003 – FCOXXX24				
	DOCENTE DA AFD: (SSCS0208) ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS:				
	<table style="width: 100%; border: none;"> <tr> <td style="width: 50%; border: none;">____MF1016_2</td> <td style="width: 50%; border: none;">____MF1017_2</td> </tr> <tr> <td style="border: none;">____MF1019_2</td> <td style="border: none;">____MF1018_2</td> </tr> </table>	____MF1016_2	____MF1017_2	____MF1019_2	____MF1018_2
____MF1016_2	____MF1017_2				
____MF1019_2	____MF1018_2				

A persoa asinante declara,

1º Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do contrato marcado ao que opta.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 6AR4Q697TKCMGZ9DYPH6D37YT
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 22





Concello do Porriño

2º Que non está separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

3º. Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

En, de de 202

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE O PORRIÑO (PONTEVEDRA).

Cod. Validación: 6AR4Q697TKCMGZ9DYPH6D37YT
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 22

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

ANEXO III

SOLICITUDE E AUTOBAREMACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DO PROGRAMA AFD 2024-2025

DATOS IDENTIFICATIVOS:

NOME:	APELIDOS:	
DNI:	DATA NACEMENTO	TELEFONO

Ante o Sr. Alcalde do Concello de O Porriño, **SOLICITO** ser admitido/a no proceso selectivo para a contratación como :

- XESTOR/A TÉCNICO/A DE FORMACIÓN MT: FCO003 – FCOXXX24**
- DOCENTE DA AFD: (SSCS0208) ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS:**

___MF1016_2 ___MF1017_2 ___MF1019_2 ___MF1018_2

Declaro baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases desta convocatoria, que reúno os requisitos esixidos nas bases e que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

E aporto a documentación para xustificación dos requisitos esixidos e méritos alegados:

1.A.- FORMACIÓN ACADÉMICA OU REGRADA:

TITULACION E ESPECIALIDADE	DATA DO TITULO	PUNTUACION	PUNTOS A CUBRIR POLO TRIBUNAL
TOTAL			

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 6AR4Q697KCMGZ9DYPH6D37YT
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 22



Concello do Porriño

--	--	--

1.B- COMPETENCIA DOCENTE:

TITULACION	DATA DO TITULO	PUNTUA CION	PUNTOS A CUBRIR POLO TRIBUNAL
TOTAL			

2.A.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA REALIZADA

NOME DO CURSO	CENTRO/ORGANISMO	HORAS	PUNTUA CION	PUNTOS A CUBRIR POLO TRIBUNAL
TOTAL				

2.B.- FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE RISCOS

NOME DO CURSO	CENTRO/ORGANISMO	HORAS	PUNTUA CION	PUNTOS A CUBRIR POLO TRIBUNAL

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 6AR4Q697TKCMG29DYPH6D37YT
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 22





Concello do Porriño

TOTAL				

2.C.- INFORMÁTICA

NOME DO CURSO	CENTRO/ORGANISMO	HORAS	PUNTA CION	PUNTOS A CUBRIR POLO TRIBUNAL
TOTAL				

3.-EXPERIENCIAL PROFESIONAL

3.1 EXPERIENCIAL LABORAL EN DOCENCIA NA ESPECIALIDADE EN FORMACIÓN OCUPACIONAL, FORMACIÓN CON ADULTOS OU FORMACIÓN PROFESIONAL

ENTIDAD	ESPECIALIDADE	INICIO	FIN	PUNTA CION	PUNTOS A CUBRIR POLO TRUBUNAL
TOTAL					

3.2. OUTRA EXPERIENCIA PROFESIONAL, NON DOCENTE, RELACIONADA COA ESPECIALIDADE.

ENTIDADE	ESPECIALIDADE	INICI O	FIN	PUNTA CION	PUNTOS A CUBRIR POLO TRUBUNAL

Cod. Validación: 6AR4Q697TKCMGZ9DYPH6D37YT
 Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 22

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

TOTAL					

4.-CURSO DE GALEGO (só o de maior nivel)

CURSO/DIPLOMA/NIVEL	CENTRO	DATAS	PUNTUACION	PUNTUACION A CUBRIR POLO TRIBUNAL
TOTAL				

5.- SITUACION DE DESEMPREGO

SI	NON	PUNTUACION	PUNTUACION A CUBRIR POLO TRIBUNAL
TOTAL			

En....., a.....de.....de 2.025

Asinado:

.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 6AR4Q687TKCMGZ9DYPH6D37YT
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 22





Concello do Porriño

Cod. Validación: 6AR4Q697TKCMGZ9DYPH6D37YT
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 22

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

